



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

Xuño 2017

## **Información da reunión do día 12 de xuño co secretario xeral de Política Social pola dinámica de represión sindical nos centros San Xerome Emiliani e San Vicente Paul**

O día 12 de xuño unha representación dos traballadores e traballadoras dos centros de atención a persoas con discapacidade, integrada por **Xosé M. Martínez Trigo (presidente do comité do San Xérome Emiliani da Guarda), Scherezade Álvarez Carreira (delegada de persoal do San Vicente de Paúl de Lugo), o responsable do ensino privado na CIG-Ensino, Henrique García Vázquez, e o secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao, entrevistouse co Secretario Xeral Técnico da Consellaría de Política Social.**

**Nesta entrevista, trasladámoslle as situacións que se están a vivir nestes dous centros de traballo: represión sindical, acoso e vulneración dos dereitos fundamentais dos traballadores/as e os “despidos improcedentes” que se están a producir de delegados/as da CIG-Ensino e de persoas próximas ou afiliadas a esta central sindical.** Os propios representantes dos traballadores/as de cada un dos centros de traballo trasladáronlle os feitos acontecidos ao antedito Secretario Xeral Técnico, así como a secuencia temporal dos mesmos, os cales están a producir graves repercusións para a calidade do servizo, avocándoos a unha mala xestión dos centros e dos fondos públicos. Mentres no San Xérome Emiliani van desde 2013 oito despidos (5 improcedentes e

1 pactado, que supuxeron máis de 150.000€ de indemnización en só 4 despidos, e 2 sub iudice, pero cun máis que probable caso de nulidade -por ser delegado- e o outro improcedente) no San Vicente Paúl, desde a convocatoria por 1ª vez das eleccións sindicais, por parte da CIG-Ensino, a finais de abril deste ano, van 3 despidos (2 de candidatas da CIG-Ensino e a outra por actuar en defensa destas candidatas...). Unha candidata, aínda que estaba despedida, saíu elixida delegada de persoal polos votos recibidos por parte dos traballadores/as.

Aínda que nun 1º momento o Secretario Xeral, en base a informes que tiña dos inspectores de servizos sociais, entendía que os casos denunciados non eran da súa competencia..., ante a nosa insistencia en denunciar as actitudes represivas, abusivas e de acoso destas “patronais” cos traballadores e traballadoras e ante o feito de que temos que estar repetidamente recorrendo ao xulgado, comprometeuse a contactar cos centros e a reforzar as inspeccións do servizo para garantir que as subvencións cumpran coa finalidade para a que foron concedidas.

Malia nosa insistencia, nen sequera fomos capaces de arrincarlle o compromiso de que as subvencións e os contratos coas diferentes entidades terían que levar parello medidas sancionadoras por este tipo

de practicas represivas e de acoso, que están a rematar con despidos improcedentes, pagados con erario público e que están a provocar malestar nas asociacións, perda na calidade do servizo, deterioro nas relacións entre compañeiros/as e incluso usuarios/as. O que si nos trasladou, que resulta de suma importancia para os traballadores/as tal como lle reivindicáramos en anteriores reunións na campaña “por un convenio galego”, é que en futuros contratos e subvencións ás entidades, recollerase a subrogación dos traballadores e traballadoras.

**Quedamos emprazados para unha nova reunión, logo de el contactar coas outras partes, facerse eco das súas versións e así poder sacar unhas conclusións e determinacións sobre os feitos acontecidos e denunciados.**

**Esperemos que non quede só en boas palabras e se actúe, por parte da Administración, con total responsabilidade e contundencia ante os feitos denunciados. Que se recupere a normalidade e o respecto entre as partes, pois desde a CIG-Ensino non temos o máis mínimo interese en seguir cos conflitos que outros empezaron. Agora ben, os dereitos e intereses dos traballadores/as serán defendidos, caso de non restablecerse ata as últimas consecuencias.**